



## **CÓDIGO ÉTICO DE COMPROMISO POR GALICIA**

### **1. FUNCIÓN:**

A función do presente documento é a de regular os principios éticos da acción política de Compromiso por Galicia, constitue unha ferramenta igualitaria con dereitos e deberes para as persoas que representan ou poidan representar este partido nos eidos políticos.

### **2. APLICACIÓN É AFECTADOS:**

- a. Membros das candidaturas de CxG.
- b. Cargos electos.
- c. Membros de designación directa.
- d. Persoal de confianza.
- e. Traballadores de CxG.
- f. Membros orgánicos.
- g. Afiliación de CxG.
- h. Colaboradores de CxG.

### **3. DIFUSIÓN:**

Segundo o regulado na lexislación de transparencia, o presente código ético estará a disposición na páxina web de Compromiso por Galicia, e darase conta da súa existencia a calquera das persoas afectadas polo mesmo.

### **4. CUMPRIMENTO:**

O código é de obrigado cumprimento nos 10 puntos do decalogo anexo.

### **5. PROCEDEMENTOS XUDICIAIS:**

- a. A condea firme por vulneración de Dereito Fundamental en calquera instancia inhabilita para a función de cargo público de CxG.
- b. Toda persoa investigada, dará conta das causas a CEN e a Comisión de Garantías, que abrirá un expediente de seguimento.
- c. En caso de condena de inhabilitación pérdese a condición de afiliado de CxG.

### **6. NORMAS VINCULADAS.**

- a. O non cumprimento do Regulamento de Xestión e Finanzas implica unha vulneración do código ético.

## **7. DISPOSICIÓN TRANSITORIAS.**

1. O presente código substitúe e derroga os anteriores. Sendo o único válido.
2. Para o non regulado aceptárase o ditame da CEN con visto e prace da Comisión de Garantías e contas.
3. Entrará en vigor o día despois da súa aprobación polo CN.

## **DECÁLOGO DAS PERSOAS COMPROMETIDAS EN RELACIÓN COA ÉTICA.**

O presente decálogo recolle a esencia do comportamento ético das persoas que forman parte da acción política de Compromiso por Galicia, na función da afiliación, cargos orgánicos, cargos públicos e todos aqueles que representen a CxG na acción política. Pertencer ou representar a Compromiso por Galicia, significa a aceptación e cumprimento dos seguintes puntos.

1. Comprométome a manter unha conduta ética e íntegra, tanto na acción política como no resto de facetas da miña vida.
2. Comprométome á defensa de Galicia, a defensa do interese xeral do noso País, dende a militancia activa ou cargo que ocupo en Compromiso por Galicia.
3. Comprométome á defensa e o respecto da diversidade e liberdade persoal en todas as súas dimensións.
4. Comprométome a unha acción política baseada en: Transparencia, honestidade, colaboración e participación.
5. Comprométome no caso de afiliado ou cargo público a participar no sostemento económico de CxG, con achegas reguladas a tal fin.
6. Comprométome a non participar en cargo público no caso de ter sido condenado/a por vulneración dun dereito fundamental, sempre que esa condena fose no exercicio persoal e non colectivo.
7. Comprométome no caso de ser investigado/a por calquera causa a comunicalo a CEN, para a súa valoración política.
8. Comprométome a non aceptar agasallos por función de cargo público.
9. Comprométome a non aceptar pensións extraordinarias e salarios vitalicios por función de cargo público.
10. Comprométome o máis absoluto respecto as persoas de CxG, no caso de actuacións declaradas graves contra persoas de CxG e acepto a aplicación do artigo 6.1.4.c. dos Estatutos Nacionais.

\*\*\*\*\*

